

Traballo para a semana do 14 de abril ata o 17 de abril, da materia de Bioloxía e Xeoloxía 1º ESO (C e D).

Imos volver ler o tema 8 do libro de texto. Repasamos o tema.

Na libreta:

1. Procuramos información acerca de grandes homes que se interesaron polo universo: anotamos as principais achegas que fixeron Galileo Galilei e Nicolás Copérnico.
2. Que pensan os científicos de cal vai ser o futuro do universo? Buscamos información do Big Crunch e do Big Rip.
3. Sabes como se clasifican as estrelas? Poderías buscar que tipo de estrela é o Sol polo seu tamaño. E pola súa cor?
4. Desde cando Plutón non se considera un planeta? Por que?
5. Podes explicar por que as Navidades son frías no hemisferio Norte e cálidas no hemisferio Sur?
6. Sabes se ao longo do 2020 teremos algunha eclipse? Haberá algunha eclipse total de Sol este ano? Cando?
7. O noso sistema solar é un sistema planetario. Coñeces o nome doutros sistemas planetarios? Podes buscar información do Kepler-47 e dicir cantas estrelas e planetas o forman?
8. Podes facer un debuxo da Vía Láctea e situar nela o noso Sistema Solar.